

Xavier Alcalá, escritor

“ Creo que a miña carreira literaria son 25 anos de fracaso ”

Hai xa 25 anos que apareceu, *Volgar*, o seu primeiro libro. E, contra o que se poida pensar, Xavier Alcalá, un dos escritores máis lidos das nosas letras, considérase un fracasado. O problema é de ámbitos. Alcalá, moi popular en Galicia, non conseguiu proxectar a súa literatura noutras linguas. Sen embargo, en outono, Valdemar saca a rúa en castelán *Código morse*, a súa última novela. Ao mellor se lle pasa o cabreo.

ANIBAL MALVAR

- Acabas de cumprir un cuarto de século como escritor. En 1972 aparece *Volgar*, ¿non se sente unha certa vertixe?

- Repito a reflexión que xa fixen, aínda que fun moi criticado. Son 25 anos de fracaso.

- ¡Coño! ¿E iso?

- Moi fácil. Ser narrador é doado. Hai que ter unha boa historia e contala ben. Eu, revisando o que levo feito, ou non escollín ben as historias ou non as contei ben de todo. Inclínome máis polo segundo.

- Xavier, non me enganes, que ese victimismo non vai contigo. Ti non es, para nada, un tío modesto.

- Se eu chegara a ter escrito algo absolutamente acertado, non estaría moi probablemente movéndome en entornos de recepción tan reducidos.

- Pero ti es un dos escritores máis vendidos da literatura galega.

- Iso non quere dicir que eu non estea insistentemente convencido de que a literatura está por riba dos idiomas.

- O que me estás contando é que estás un pouco cabreado porque non te traducen.

- Non estou cabreado porque non me traduzan, senón por formar parte dun grupo de escritores galegos que non estamos no *show*. Paréceme impresentable que determinados escritores, con 25 anos de carreira, non sexan coñecidos fóra.

- ¿Non pensaches nunca que houbo sempre moitísimas reticencias desde o mercado editorial español a aceptar que existían as literaturas periféricas?

- O outro día atopei un amigo *facha* que me dixo: “Vós metédesvos nestas cousas do nacionalismo e de escribir en galego porque, entre poucos, salientades”.

- ¿Non será ignorancia, iso do teu amigo, máis que outra cousa?

- Esa é a outra volta que hai que darlle, ¿non será un prexuízo da xente que está no centro? Pero o galego ten que saber onde está o seu centro. Eu veño moi impresionado do que vin en Brasil. Se os galegos queren continuar non só facendo vida literaria, senón negocio, teñen unha saída única que é proxectarse nese outro grande mundo que está do outro lado, e que fala propiamente o romance ibérico occidental.

- ¿Por qué non dicimos que portugués e galego son a mesma lingua?

- É que non sei quen di que non son a mesma lingua. Moitos, coa experiencia viva, mantemos que son o mesmo.

- ¿Daquela, por que a literatura galega non saltou o Miño?

- Por unha razón parecida á que falabamos de Madrid. Lisboa é moi receosa de todo o galego. En todo caso, o fenómeno de reconstitución do que foi a *Gallaecia* histórica está en marcha, pero está en marcha popularmente.

- Antes falabas de non entrar no *show*. ¿En que *show* hai que entrar?

- Voucho poñer moi claro. E se laguen se enfada, que se enfade. Recentemente, un escritor nacido en Galicia dixo que dentro de non sei cantos anos non quedará no mundo máis que o inglés, o castelán e...

- Si, o señor Cela.

- Xa estamos centrados. Habería que analizar cal é a súa obra: unha grande novela de xuventude, ¿e o resto? É un *showman*. Estamos vivindo unha situación que leva a que un busto parlante da televisión sexa premiado e, polo morbo, vai vender obra un tipo que non a ten.

- Non estou de acordo con que Cela non teña máis obra que a de xuventude, pero vale.

- Pois chegamos máis lonxe. Podemos chegar a que determinada señora casada con determinado home que estivo na política...

- Digamos Carmen Posadas.

- ... faga unha primeira redacción e lle poñan unha mulata, non unha *negra*, que lle acabe facendo a obra. E que se convirta nunha figura literaria. É unha distorsión do sistema, un espellismo.

- Pero xa sabes que a literatura, como toda arte, entra no mundo do espectáculo.

- O meu amigo Casares di, ao mellor por iso, que non se debe ser un escritor profesional.

- ¿Ti non cres que o escritor deba ser profesional?

- Non estou tan de acordo con Casares. Eu confesáballe hoxe mesmo a un amigo que, se non me adico totalmente á literatura é por covardía.

- Eu quería descabalgarte un pouco desa falsa modestia que adoptaches dese o principio da entrevista para preguntarche o que cres ter aportado nestes 25 anos á literatura galega.

- Debín aportar boas historias. O que non podo dicir é que as contase ben. Outra cousa que aportei foi unha certa fluidez idiomática, debido á lectura en portugués, un idioma literario depurado. Foi unha aportación seria esa de desasilvestrar o galego, sacarlle peso rural. Así, a xente que se puña a escribir en galego despois de ler estas novelas tiña unha alternativa.

- Falas dos que viñeron despois. ¿Notas se influíches algo a escritores máis novos?

- Non podo dicir que fora directamente eu. Pero probablemente si, non digo que non.

- Perdoa polo vulgar da pregunta, pero é para meterte nun compromiso, ¿qué cambiou na literatura galega netes 25 anos, a parte de todo?

- A perfección formal. Non vos dades conta de que mal galega escribiamos cando eu publiquei *Voltar*. A parte, houbo unha grande variedade de temas e unha cousa fundamental, absolutamente necesaria é que é reflexo da realidade do país, aínda que poida ter algúns riscos en canto ao puramente lingüístico: aparece unha literatura urbana. O problema é que, se fósamos sinceros, a literatura urbana tería que estar escrita en castelán. Houbo unha creación dun galego urbano a partir da reconstrucción dunha forma dialectal galega do castelán, que é o que se fala nas cidades. Este foi un traballo feito por narradores dos últimos 15 anos para aquí.

- Ti implicaste bastante na realidade política actual e, hoxe por hoxe, eu véxote moi fraguista.

- Fraga é unha figura poliédrica, moi complicada. Como político do PP, non ten comigo relación ningunha. Eu non pertenzo a ningún partido. O que non podo negar é que hai en Fraga unha figura intelectual moi interesante á que admiro. En canto á personaxe política, para min está facendo o que debe de facer un político conservador rexionalista. Non lle podemos pedir máis porque el non ofrece máis.

- ¿E no outro ámbito que che toca, no literario?

- Iniciouse un intento de proxección cara afora moi embrionrio. Non foi suficiente. Hai que facer moito máis. Non se pode ir á feira do libro de Bos Aires só con boas intencións. Outra cousa que se está iniciando, e que non se fixo aínda de abondo, é todo o que ten que ver na confluencia dos medios interactivos.